

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
30 DE SETEMBRO DE 2016.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

CONTRATACIÓN

- 2.- Toma de razón da exclusión de SIELVIGO S.L. do procedemento aberto para a contratación da subministración e réxime de alugueiro de elementos para a iluminación de nadal e declaración de deserto do citado procedemento. Expte. 3007/106.
- 3.- Proposta de adxudicación do lote 1 do expediente de contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes). Expte. 14667/333.

DEPORTES

- 4.- Bases reguladoras e convocatoria da subvención para fomentar os valores sociais do deporte como actividade de ocio entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o su acceso ao Estadio de Balaídos, tempada 2016-2017. Expte. 15294/333.
- 5.- Expediente de contratación para a adquisición de entradas para os partidos do R.C.Celta de Vigo, para fomentar os valores sociais do deporte como actividade de ocio entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o su acceso ao Estadio de Balaídos, tempada 2016-2017. Expte. 15293/333.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar **sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día 30 de setembro de 2016**, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSDG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 30 de setembro de 2016.

MXLP/me.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Olga Alonso Suárez.